



DESENVOLVEMENTO DA NORMATIVA RELATIVA ÁS ACCIÓNS 7.2, 7.4, 7.18 e 7.28 INCLUIDAS NAS DIRECTRICES MEDIOAMBIENTAIS QUE FORMAN PARTE DA ESTRATEXIA NACIONAL DE PROGRAMAS OPERATIVOS SOSTIBLES PARA AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES DE FROITAS E HORTALIZAS

Unha vez elaborados os estudos, realizados por un organismo independente en base ao artigo 31, apartados 2a) e 3, do regulamento Delegado (UE) 2017/891 para fixar os importes a tanto alzado para as accións: “7.2 Incorporación ao solo ou colocación sobre o mesmo de restos de poda para mellorar o seu contido en materia orgánica e loitar contra a erosión. (7.2.1). Cultivo de kiwi”, “7.4 Realización de abonado en verde mediante leguminosas e outras especies. (7.4.1). Cultivo de horta”, “7.18 Utilización de métodos de loita biolóxica e/ou biotecnolóxica, alternativos aos convencionais, utilizados en agricultura convencional, en cultivos hortofrutícolas (7.18.1). Cultivo de horta” e “7.28 Utilización na explotación de fío biodegradable ou rafia biodegradable (7.28.1). Cultivos de horta e kiwi” das Directrices Nacionais para a Elaboración dos Pregos de Condicións referentes ás accións medioambientais (versión 1 de xuño de 2017), as conclusións da actualización realizada en 2020 son as seguintes:

7.2.- Incorporación ao solo ou colocación sobre o mesmo de restos de poda para mellorar o seu contido en materia orgánica e loitar contra a erosión. (7.2.1)

A trituración dos restos de poda do kiwi, é economicamente máis vantaxosa, polo que non hai un custo específico que compensar neste caso.

Polo tanto esta acción en kiwi non é indemnizable e non computará para ter en conta no cumprimento das obrigas establecidas no apartado 5 do artigo 33 do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de decembro de 2013.

7.4.- Realización de abonado en verde mediante leguminosas e outras especies (7.4.1).

Horta	5.023,54 €/ha
-------	---------------

Este valor inclúe:

- (1) A necesidade de asumir un maior custo na plantación de abono verde fronte ao emprego de fertilizantes convencionais.
- (1) A perda de ingresos que lle supón o feito de ter que intercalar na rotación de cultivos especies empregadas como abonos verdes.

7.18.- Utilización de métodos de loita biolóxica e/ou biotecnolóxica, alternativos aos convencionais, utilizados en agricultura convencional, en cultivos hortofrutícolas (7.18.1).

Horta	52% do custo da factura
-------	-------------------------





7.28.- Utilización na explotación de fío biodegradable ou rafia biodegradable (7.28.1)

	Kiwi	Horta
7.28.- Utilización na explotación de fío biodegradable ou rafia biodegradable (7.28.1)	29,80 €/Ha	573,10 €/Ha

En consecuencia, APRÓBANSE segundo o indicado os custes específicos, para os programas operativos das Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, a ter en conta a partir da anualidade 2021, incluída.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte
(Asinado dixitalmente)

